

Victoriano Taibo e Rosalía de Castro

ELVIRA RIVEIRO TOBÍO

Familia de Victoriano Taibo, veciñas e veciños de Morgadáns, boas xentes do Instituto de Estudos Miñoranose de Gondomar, amantes das letras e da poesía, persoas todas que participades coa vosa presenza e coa vosa dedicación solidaria nesta cita anual con Victoriano Taibo: boa noite e grazas sinceras por acollerme novamente na escola de Guillufe, eufónico nome de lugar que vai das resonancias suevas ás poéticas, pasando polas cívicas e educativas. Non quero estenderme en *captatio benevolentiae*, anacrónicas neste tempo. Tentarei ser breve; o meu desexo é ser, ademais, amena (no posible).

*Edá fugida de venturas lenes,
longes recordos, ditas ja lonxanas,
despertaes de gloria e de contento,
d'amores ledos suaves lembranzas,
memorias que se esvaen no pasado,
tempos risoños de prazer e calma,
saudosas sombras! vinde a min amantes
batendo paseniño as vosas aas.
E pois sodes ña vida,
e pois sodes ña i-alma,
dade-me o voso alento,
dade-me vida, que a vida me falta.
E vos tamén tristes horas acedas,
faxeir o engendro da desventuranza,
vide ao meu corazón,
cando il vos chama,
béntos dores amigos!
é que tamén vos ama.*

Este poema que escollín como pórtico pode lerse entre as páxinas 34 e 35 de *Abrente*, libro inaugural no percorrido literario de Victoriano Taibo, publicado o un

de xaneiro de 1922 en “El Eco de Santiago”. O autor lígase adoito con Ramón Cabanillas e con Eduardo Pondal, escritores que terían influído en gran medida na obra do mestre de Morgadáns (alén doutros nomes como Noriega Varela ou López Abente). Coñecida é tamén a súa amizade con Manuel Antonio, cuxos estilemas vangardistas terían deixado así mesmo o seu sinal nalgúns dos textos do de Compostela. Pero como non ler este “Edá fugida de venturas lenes” sen lembrar o “Teño un niño de tolos pensamentos” (...) “¡Vinde, meus queridíños!” ou sen que nos asalten aqueles outros versos rosalianos?:

*De tempos remotos
de edades lexanas,
de noites sereas,
pra sempre acabadas,
aquele cantar tróuxome
non sei qué lembranzas,
non mortas..., dormentes,
¡quén sabe en que campas!*

A 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*, coto principal do Rexurdimento, e 65 despois de que Victoriano Taibo pronunciase o seu discurso de ingreso na Academia Galega co título “Rosalía de Castro precursora da fala”, parece acaído rastrexar as marcas rosalianas na obra do mestre galeguista. El, sempre “empeñado no labor colectivo de chegarmos a conseguir unha lingua de ouro” (X.L. Méndez Ferrín) e que “foi escollendo os vocábulos, os matices estilísticos, as regras de uso, a fraseoloxía, con mimo e coidado” (ibíd.); el, “verdadeiro xardineiro da lingua” (ibíd), non podía menos que sentirse reflectido na palabra da santiaguesa, aquela que, segundo nos lembra, fixo “do idioma cahido e desbotado a outa expresión das máis requintadas belezas, e crea nel, de xeito definitivo, a nosa lírica moderna”.

A poeta e investigadora Marta Dacosta xa nos dá algunhas pistas interesantes en 2008 e, no seu estudo sobre a obra de Taibo, publicado na monografía que lle dedicou a este o IEM, vincula a beira máis intimista dos poemas de *Abrente* coa lírica rosaliana, mais tamén así algún outro texto de distinta traza, como é “Pombas sen niño”. Esta serie de octosílabos arromanzados, que aparece entre as páxinas 25 e 29 do conxunto, reza así entre o vixésimo quinto e o trixésimo sexto verso:

*-Leváronme os meus amores
para terras arxentinas,
o querer do meu querer,
a vida da miña vida,
o santiño milagreiro
a quen estaba ofrecida.
Deixáronme triste e soa,
salaiano esmorecida
por un amoríño ausente
a quen dera alma e vida:
as meniñas dos meus ollos*

se as meniñas me pedira.
E máis adiante:
Eu como ti, fun rapaza,
quixen e fun ben querida,
tiven como ti amores
cando era cal ti garrida.
¡Era un mozo tan lanzal
o mozo que me quería!
¡Era tan feito e tan bo!
¡Tan falangueiro! ¡Se viras!
Se aturuxaba de ruada
todas as mozas dicían:
aí vai Estevo da Veiga,
tona e flor da mocería;
se cantaba na regueifa
a regueifa conseguía,
que era sempre o que campaba
nas coplas de retesía;
se botaba un alalala,
o bando das cotovías
poida que sentise envexa
nas fragas, entre as chorimas;
e nas degrúas e escrouchas,
nas mallas e nas vendimas,
co seu traballo era sempre
o que máis se distinguía;
e ata os vellos, nas cuestións
de regos para as cortiñas,
de obrigas e de forais,
o seu consello pedían.
Eu quería cal se quere
á mai que nos deu a vida,
cal o orballo quere as flores,
como o sol lle quere ao día,
cal as brétemas ao monte,
como a loba á súa cría.
E unha noite... ¡moura noite!
leváronmo a terras irtas,
alén dos mares, moi lonxe,
a terras descoñecidas.
¡E non volveu! Desde aquela,
sen fogar e sen familia,
vagante vou polos eidos
chorando a miña desdita,
sen atopar para as miñas dores
a degarada menciña:

*que se a menciña é o esquezo,
¡non esquece quen cobiza!*

O que acabo de lervos son dous extractos dun poema dialogado entre unha moza e unha vella, ambas doridas de amor por causa da devastadora emigración que arrinca á forza os homes do seu territorio nativo. Son esas as mesmas “pombas sen niño” que no libro quinto de *Follas novas* Rosalía denominou “As viudas dos vivos i as viudas dos mortos”. Calquera das dúas mulleres protagonistas do poema de Taibo podería ser a que fala así no “Tecín soia a miña tea” de Rosalía:

*O meu homiño perdéuse,
ninguén sabe en ónde vai...
¡Anduriña que pasache
con él as ondas do mar!
¡Anduriña, voa, voa,
Ven e díme en ónde está!*

Ou aqueloutra que, xa idosa, entoa os seus versos desenganados en “Vivir para ver”:

*Marcháchete un día
ti, aquel que eu quería;
fuxiste da terra
que tanta alegría
i encantos encerra.*

Aínda máis: o encomio que a vella fai do amante perdido nas liñas de Taibo empata directamente coa confesión da moza de “No hai peor meiga que unha gran pena”, poema que abre o libro terceiro de *Follas novas*:

*-¡Ai, mi madre! Era bonito
coma os anxos das igrexas;
era en falas amoroso,
muito, muito máis que as sedas;
era doce..., muito, muito
máis que a mel que sai da cera.
Olía a rosas de maio;
seus ollos eran estrelas,
e tiña cal ouro puro
a enrisada cabeleira...*

Pero alén destas “Pombas sen niño”, hai outras líricas aves que ligan o poeta á poeta.

Así, o desacougo que provoca o desexo frustrado atopámolo na voz dela en “¡Paz, paz deseada!”, poema entre os primeiros de *Follas novas* e, de xeito semellante, na voz del neste breve, tamén entre os primeiros, de *Abrente*:

*Aquilo que eu arelo
onde estará, Señor?
Cicais tremelucindo
na raiola do sol,
ou ben n'unha cantiga
do triste rousinol.*

*Poida seja arrecendo
no cáliz d'unha flor,
cicais seja ledicia,
poida que seja dor,
quizaves só exista
nos cantos segredos do meu corazón.*

Acho que tampouco é desencamiñado conectar este que veño de ler co moi coñecido e comentado de “Unha vez tiven un cravo”, máis aló da patente invocación a Deus.

Se seguimos ambas voces, decatámonos de que resultaría moi difícil non unir aquel “Meus pensamentos, ¡cál voástolos...!” das *Follas* rosalianas con estoutro que se inicia do seguinte xeito en *Abrente*:

*Aónde ides, meus tolos pensamentos
co ise ledo troular?
Qué prazeres, venturas e ledicias
polo mundo buscás?
Qué camiño de engano e incertidume
querés atravesar?*

Até agora non máis referín casos que conectan con *Follas novas* e, no entanto, podemos dar así mesmo con ecos dos *Cantares gallegos* entre as páxinas dadas ao prelo por Victoriano Taibo. Un último exemplo (para non estenderme en exceso) corrobora como non podemos ler ó mestre de Morgadáns sen ter en conta a obra rosaliana. Como certos temas e escollas estilísticas e lingüísticas de Rosalía impregnan estrofas do autor de *Abrente*, facendo del un digno discípulo da nosa escritora máis universal, un entusiasta bebedor desa fonte na que aínda hoxe seguimos a saciar a sede. Escribe Taibo:

*Longe de ti, Terra amada,
o teu recordo é unha flor
de saudosos ulidos
e feiticeiras visió.
Oh casal onde fun nado,
amoriños do meu lar,
aniñado entre piñeiros
cal pomba no seu pombal!*

*Oh fontelas xurradoras
onde s'espella o luar,*

*alborada dos ollíños
da moza dos meus afás!*

*Alalalas manseliños,
ledas triadas dos turreiros,
alegría que floreces
na tristura dos meus eidos.*

*Terra amante, eu non tèsquezo!
E tras do teu agarimo,
irei como as anduriñas
a morrer no vello niño.*

O poeta non fai senón reescribir o tan difundido poema 15 dos *Cantares*:

*Miña terra, miña terra,
terra donde me eu criéi,
hortiña que quero tanto,
figueiriñas que prantéi,*

*prados, ríos, arboredas,
pinares que move o vento,
paxariños piadores,
casiña do meu contento,*

*muíño dos castañares,
noites craras de luar,
campaniñas trimbadoras
da igrexiña do lugar,*

*amoriñas das silveiras
que eu lle daba ó meu amor,
camiñiños antre o millo,
¡adiós, para sempre adiós!*

Taibo, 26 anos pasados da publicación de *Abrente*, non escolleu a Eduardo Pondal (cuxa pegada é clara nos versos do das Irmandades) como suxeito do seu discurso de ingreso na Academia da Lingua; tampouco optou por Curros Enríquez, a pesar de este entroncar de xeito claro coa lira combativa que outrosí explorou o seu admirado Cabanillas. Manuel Antonio, o amigo máis novo e arriscado, finado de xeito prematuro, non foi o preferido para acompañalo a traspasar o couzón da Academia, daquela situada na Praza de María Pita. Rosalía de Castro, á que Taibo ve como un “exemplo de vontade enérxica, de decisión pola sensibilidade, trepando afouta por riba das vergoñas abraiantes e das preocupacións baixas e noxentas, que afogan a alma do seu povo”, Rosalía de Castro, que enlaza co estro máis íntimo do poeta, pero tamén (como imos ver decontado) cos seus afáns de cariz máis social, é a elixida.

El, que nacera en 1885, apenas tres meses antes do falecemento da autora dos *Cantares*, foi ávido pescudador do dato biográfico rosaliano, e preséntanos na súa disertación “a mocíña santiaguesa (...) instruída e espelida que frecuente o Liceo (...), poetiza, declama e convive (...) c’a mocidade universitaria compostelá, c’os poetas, xornalistas e patriotas” pero tamén pon de relevo como “Do duro contraste” coas terras castelás xorde na escritora “a afirmación dos valores negados e despreciados da súa terra”.

O incipiente académico sitúa a súa aguda ollada en tres albos ben recoñecibles na obra rosaliana: paisaxe, paisanaxe (ou sexa, o pobo) e fala, é dicir, a lingua de noso, á que o mestre de Morgadáns se refire como “forza anímica e xeneratriz” dos textos de Rosalía, autora que el sitúa pronta a “encararse c’a Galicia íntegra, real e viva”. É máis, da lectura do seu discurso, podemos concluír que a Rosalía que máis lle interesa ao autor de *Da agricultura aberta* é a que “Enteira e destemida, ategada de enerxía e dignidade, ergueu a súa protesta airada contra a inxusticia e a falsedá, e constitúese en defensora esforzada do seu país maltreito”; a que se abre ás “ansias de renacencia do seu país”; a que, abalada pola visión da pobreza e da emigración, avistou as “hordas errantes” camiño dos portos, c’a esperanza posta nos engados de alén-mar, ollounas suar a fio nas terras abrasadas de Castela; cando tiña dazaseis anos veunas cahir sin amparo nin axuda, mortas de fame e frío no silencio dos lares desertos e na lama dos camiños”. Isto é: a Rosalía que se revolve e poetiza contra as inxustizas.

Neste sesquicentenario de *Cantares gallegos*, 100 anos transcorridos desde que Victoriano Taibo comezase a divulgar os seus textos en publicacións periódicas tales como “Vida Gallega”, “Céltiga” ou “A Nosa Terra”, aínda advertimos a plena vixencia dalgúns dos parágrafos daquel parlamento entusiasta do ano 48. Outra mostra: “Rosalía é o eixo obrizo¹ arredor do que converxe, xúntase e xira toda a nosa vida e rexurdimento literario” (...) “pecha un ciclo (...) e abre outro ategado de brizas² realidades”. As vizosas realidades ás que Taibo fai referencia haberían culminar na época das Irmandades da Fala, das que el mesmo foi elemento destacado. Mais, como sabemos, e como ben sabía o mestre desta escola de Guillufe, tal vizosidade estreada pola poeta dos *Cantares* xa non habería de ter paraxe, como tampouco a habería de ter a súa pegada nacontemporaneidade (sexa esta a de Taibo ou a nosa). Remata o autor de *Abrente*: “Canto máis se arreda no tempo máis preto a temos de nós” (...) “feita decote presente e actualidade”.

Moitas grazas.

NOTAS

- 1 Resplandecente, dourado, puro.
- 2 Louzás, vizosas, vigorosas, verdes, frondosas.
- * Relatorio lido pola autora o día 23 de novembro de 2013 no acto que arroupou a entrega do VI Premio de Poesía Victoriano Taibo – Entidade Local de Morgadáns a Ramón Sandoval, celebrado na Escola de Guillufe de Morgadáns.